

## VENRES AMBIENTAIS

Centro de Información e Investigación Ambiental - Lourizán

<b>Conferencia: Efectos de tratamientos silvícolas de apoio á rexeneración natural de <i>Pinus pinaster</i> tras incendio forestal</b>	
<b>Ponentes</b>	<b>Enrique Jiménez Carmona</b> Investigador do Departamento de Protección Ambiental Centro de Información e Investigación Ambiental - Lourizán
<b>Data e hora</b>	<b>Venres, 15 de setembro ás 13 h</b>
<b>Lugar</b>	<b>Salón de Actos do Centro de I. e I. Ambiental de Lourizán</b>
<b>Síntese</b>	<p>Este estudio pretende analizar os <b>efectos de tratamentos silvícolas</b> (clareos) de apoio á rexeneración natural de <i>Pinus pinaster</i> de 8 anos de idade tras incendio forestal, no crecemento e resposta fisiolóxica do arbolado, no noroeste da Península Ibérica.</p> <p>Partindo dunha elevada densidade inicial, seleccionáronse <b>tres intensidades de clareo</b>: control (non clareo, cunha densidade media de 40.200 pés/ha), tratamento intenso (densidade final de 3.980 pies/ha) e tratamento moi intenso (densidade final de 1.925 pés/ha). Observouse un maior crecemento radial e de ancho de copa nas parcelas tratadas, debido probablemente á maior disponibilidad hídrica como consecuencia da redución da competencia. Este maior crecemento nas parcelas tratadas estivo asociado a unha maior actividade fisiolóxica do arbolado durante o período de verán (medición de transpiración mediante sensores de densidade de fluxo de savia).</p> <p>Avaliouse a relación existente entre a densidade de fluxo de savia e diferentes parámetros ambientais (humidade do solo, radiación neta, déficit de presión de vapor). Analisáronse igualmente as diferencias existentes por tratamentos na biomasa acumulada nos diferentes compoñentes do arbolado (acículas, ramas, fuste, raíces) a partir de mostreo destructivo, observándose unha maior proporción de biomasa no fuste nas parcelas control en comparación coas tratadas, así como unha menor proporción de biomasa foliar.</p> <p>Os nosos resultados apoian o emprego de <b>tratamentos silvícolas intensos</b> para mitigar a alta demanda hídrica en masas moi densas de <i>Pinus pinaster</i> xuvenil no actual marco de cambio climático e, que unha intervención moi intensa, deixando unha densidade residual moi similar á dunha plantación, non suporía unha perda de estabilidade da masa, e sería máis rentable economicamente que unha intervención menos intensa, que implicaría unha intervención posterior.</p>